

DOCUMENTO DE FORMULACIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

**CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DA
DXREeUE -2014**

DOCUMENTO DE FORMULACIÓN

ÍNDICE

SECCIÓN A.- PRESENTACIÓN E SOLVENCIA INSTITUCIONAL

A.1. DATOS DO PROXECTO

A.2. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE E DESTINATARIOS/AS DO PROXECTO

A.3. EXPERIENCIA, TRAXECTORIA E CAPACIDADE CIENTÍFICO TÉCNICA DO PERSOAL INVESTIGADOR

SECCIÓN B.- DESCRICIÓN DO PROXECTO

B.1. RESUMO DO PROXECTO

B.2. CONTEXTO E ANTECEDENTES DO PROXECTO: COÑECEMENTO DO ESTADO DA ARTE DO TEMA A ABORDAR

B.3. OBXECTIVOS DO PROXECTO. RELEVANCIA E NOVIDADE DOS MESMOS

B.4. ADECUACIÓN DO PROXECTO ÁS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN DO EQUIPO INVESTIGADOR

B.5. ADECUACIÓN DO PROXECTO AOS CRITERIOS SECTORIAIS E XEOGRÁFICOS DA COOPERACIÓN GALEGA

B.6. IMPACTOS ESPERADOS EN TERMOS DE DESENVOLVEMENTO HUMANO E LOITA CONTRA A POBREZA

B.7. METODOLOXÍA E VIABILIDADE DO PROXECTO

B.8. PLAN DE TRABALLO PREVISTO

B.9. CRONOGRAMA

B.10. APLICABILIDADE PRÁCTICA DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN

B.11. REPLICABILIDADE E SOSTENIBILIDADE DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN

B.12. PLAN DE DIFUSIÓN E DE EXPLOTACIÓN DOS RESULTADOS DO PROXECTO

SECCIÓN C.- ASPECTOS ADMINISTRATIVOS E FINANCEIROS

C.1. FINANCIACIÓN DO PROXECTO

C.2. CADRO DE FINANCIAMENTO

C.3. ORZAMENTO DETALLADO

SECCIÓN D. - ANEXOS

D.1. RELACIÓN DE ANEXOS

FORMULARIO DE PRESENTACIÓN DE PROXECTOS

SECCIÓN A – PRESENTACIÓN E SOLVENCIA INSTITUCIONAL

A.1. DATOS DO PROXECTO.

CÓDIGO DE REXISTRO A cubrir pola Xunta			
TÍTULO	Asociacionismo migrante en Galicia. Lazos transnacionais e codesenvolvemento desde unha perspectiva de xénero		
ACRÓNIMO	ASOMIG		
Sector de actividade	15150		
Entidade solicitante (Universidade e Campus)	UNIVERSIDADE DA CORUÑA (CAMPUS DE ELVIÑA)		
PERÍODO DE EXECUCIÓN	Data de inicio:	15/09/2014	
	Data de finalización:	30/11/2015	
ORZAMENTO TOTAL (EUROS)	33.200€		
SUBVENCIÓN SOLICITADA Á XUNTA¹	30.000€	% DE SUBVENCIÓN SOBRE O TOTAL DO ORZAMENTO	90,36%
Proxecto de investigación presentado: Como investigador individual ☐ Por un equipo ou grupo de investigación ☒			

¹A Xunta de Galicia poderá financiar ata un 95% do orzamento total do proxecto. Nas propostas presentadas por un/a investigador/a individual a subvención concedida non superará en ningún caso os 15.000 €. As presentadas por un equipo ou grupo de investigación non superará os 30.000 €.

A subvención concedida a proxectos plurianuais distribuirase do seguinte modo: 50% no 2014 e o 50% no 2015.

A.2. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE E DESTINATARIOS/AS DO PROXECTO

ENTIDADE SOLICITANTE		UNIVERSIDADE DA CORUÑA	
DOMICILIO SOCIAL	Rúa, nº: Maestranza, 9 Localidade: A Coruña Provincia: A Coruña Código postal: 15001		
TELÉFONOS	981167000	FAX	981167103
		WEB	www.udc.gal
CIF DA ENTIDADE	Q6550005J		
REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE		Nome DNI/NIF Cargo	

INVESTIGADOR/A PRINCIPAL		Antía Pérez Caramés	
N.I.F	47354256Q		
TITULACIÓN	Doutora en Socioloxía		
UNIVERSIDADE Á QUE PERTENCE	Universidade da Coruña		
VINCULACIÓN CO ORGANISMO	Permanente		
POSTO DESEMPREÑADO	Profesora Contratada Doutora		
DEDICACIÓN AO PROXECTO		Completa	
DATA LECTURA DA TESE		13/07/2010	

OUTROS MEMBROS DO EQUIPO (cubrir por cada un dos membros)		Mónica Belén Fernández Suárez	
N.I.F	793232849T		
TITULACIÓN	Licenciada en Socioloxía		
UNIVERSIDADE Á QUE PERTENCE	Universidade da Coruña		
VINCULACIÓN CO ORGANISMO	Temporal		

POSTO DESEMPREÑADO	Profesora Contratada Interina de Substitución
DEDICACIÓN AO PROXECTO	Completa
DATA LECTURA DA TESE	(non doutora)

OUTROS MEMBROS DO EQUIPO (cubrir por cada un dos membros)	Iria Vázquez Silva
N.I.F	36172548B
TITULACIÓN	Doutora en Socioloxía
UNIVERSIDADE Á QUE PERTENCE	Universidade da Coruña
VINCULACIÓN CO ORGANISMO	Temporal
POSTO DESEMPREÑADO	Investigadora do GET (Grupo de Estudos Territoriais)
DEDICACIÓN AO PROXECTO	Completa
DATA LECTURA DA TESE	12/06/2014

OUTROS MEMBROS DO EQUIPO (cubrir por cada un dos membros)	Francisco Javier Sánchez Lombardero
N.I.F	32832358L
TITULACIÓN	Licenciado en Socioloxía e Mestrado universitario Oficial en Migracións Internacionais
UNIVERSIDADE Á QUE PERTENCE	Universidade da Coruña
VINCULACIÓN CO ORGANISMO	Temporal
POSTO DESEMPREÑADO	Estudante de doutoramento
DEDICACIÓN AO PROXECTO	Completa
DATA LECTURA DA TESE	(non doutor)

A efectos de notificación, indicar unha dirección única e responsable do conxunto.	Nome: Antía Pérez Caramés DNI/NIF: 47354256Q Entidade: Facultade de Socioloxía (UDC) Rúa, nº: Campus de Elviña s/n Localidade: A Coruña Provincia: A Coruña Código postal: 15071
--	--

ENTIDADE AGRUPADA² nome completo (cubrir por cada unha das entidades membro da agrupación)		ONGd Ecos do Sur	
DOMICILIO SOCIAL	Rúa Angel Senra nº 25 Localidade A Coruña Provincia A Coruña Código postal 15011		
BASE SOCIAL TOTAL (se procede)	209	BASE SOCIAL EN GALICIA	195
TELÉFONOS	981 150118	FAX	981168349
		WEB	www.ecosdosur.org ecosdosur.blogspot.com
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO	ong@ecosdosur.org
CIF DA ENTIDADE	G-15354483	DATA DE CONSTITUCIÓN	14/08/1991
Data de inscrición no rexistro galego	07/06/1994	Nº rexistro galego da entidade	ONGD002-SGPA94/2
REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE	Nome ADOLFO SUARÉZ VENCE CABANILLAS DNI/NIF 35308083-R Cargo Presidente		
RESPONSABLE EN GALICIA	Nome ADOLFO SUARÉZ VENCE CABANILLAS DNI/NIF 35308083-R Cargo Presidente		
RESPONSABLE DE XESTIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA DO PROXECTO EN GALICIA	Nome JOSÉ FRANCISCO HURTADO DURÁN DNI/NIF 32690321-F Cargo Responsable do Proxecto		

² Poden acceder ás subvencións os proxectos presentados en agrupación con calquera das entidades definidas como axentes de cooperación segundo o artigo 23.1, apartados b), d), e), g) da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento.

A.3. EXPERIENCIA, TRAXECTORIA E CAPACIDADE CIENTÍFICO TÉCNICA DO PERSOAL INVESTIGADOR

O equipo de investigación co que se concorre a esta convocatoria conta cunha dilatada experiencia nos estudos migratorios e tamén na temática concreta que se propón para esta investigación. Boa parte dos membros do equipo investigador fan parte do Equipo de Socioloxía das Migracións Internacionais (ESOMI), da Universidade da Coruña, un grupo con máis de dúas décadas de traxectoria académica na investigación sobre os procesos migratorios e que é Grupo de Referencia Competitiva de acordo cos criterios da Xunta de Galicia. No ESOMI unha das liñas de investigación fundamentais é a de migracións e desenvolvemento, que se concreta na creación dunha Rede de Migración, Xénero e Desenvolvemento.

Por outra banda, é un equipo que se complementa nos seus saberes e especializacións no que respecta á temática do proxecto e aos obxectivos que este contempla. Se ben todos os membros son expertos en estudos migratorios, existe unha complementariedade na especialización: políticas migratorias, políticas de integración, xénero, e desenvolvemento que garanten a adecuación temática e dos obxectivos do proxecto que se presenta a esta convocatoria.

Ademais, é un equipo investigador novo e con elevada participación de mulleres. A investigadora principal e dúas membros máis do equipo son mulleres. Dúas dos membros do equipo investigador son doutoras, unha está a rematar a súa tese de doutoramento e outro deles está a comezar os seus estudos de doutoramento pero conta cunha dilatada traxectoria profesional na cooperación ao desenvolvemento.

A continuación, exporemos brevemente os méritos curriculares de cada un dos membros do equipo investigador:

Antía Pérez Caramés é a investigadora principal do proxecto. Doutora en Socioloxía desde o ano 2010, é Profesora Contratada Doutora na Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña e membro do grupo de investigación ESOMI. Realizou unha especialización doutoral (Diplôme d'Études Avancées) en Demografía na École des Hautes Études en Sciences Sociales de París (Francia) e estadías de formación pre e posdoutoral en universidades e centros de prestixio internacional como o Center for Comparative Immigration Studies (CCIS) da Universidade de California San Diego (UCSD), o Max Planck Institute for Demographic Research (Rostock, Alemaña) e o Centre for Globalisation and Governance (CGG) da Universidade de Hamburgo (Alemaña). Conta con numerosas publicacións internacionais e nacionais en revistas e editoriais de recoñecido prestixio no ámbito dos estudos migratorios, especialmente no que respecta ás políticas migratorias e a dimensión de xénero nas migracións (coidados, principalmente). Posúe, ademais, unha solvente experiencia investigadora en proxectos relacionados coas migracións internacionais e ten participado en numerosos congresos nacionais e internacionais sobre a temática. Na área da relación entre migracións e desenvolvemento, ten realizado publicacións en libros especializados en codesenvolvemento, así como nunha das conferencias da rede internacional Migración y Desarrollo (<http://rimd.reduaz.mx/>) no ano 2007. É membro da rede IMISCOE (International Migration, Integration and Social Cohesion, <https://www.imiscoeconferences.org/>), a máis importante rede internacional sobre estudos migratorios.

Iria Vázquez Silva é membro do equipo de investigación. Doutora en Socioloxía (2014), é investigadora posdoutoral do Grupo de Estudos Territoriais (GET) na Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña. Conta tamén cunha titulación oficial de posgrao en estudos de xénero pola Universidade de Vigo. Experta na análise das migracións senegalesas, conta cun nutrido número de publicacións en revistas de recoñecido prestixio e cunha dilatada traxectoria investigadora, como testemuña o amplo número de

participacións en proxectos de investigación. Realizou o primeiro estudo sobre asociacións de migrantes en Galicia, baixo o título de "Asociacionismo e integración social das inmigrantes en Galicia" e financiado polo Servizo Galego de Igualdade (período 2005-06), que constitúe un antecedente imprescindible para o presente proxecto de investigación. Asemade, conta cunha ampla experiencia na realización de traballo de campo e na aplicación de técnicas cualitativas de investigación, o que constitúe unha excelente achega ao proxecto.

Belén Fernández Suárez é membro do equipo de investigación. Licenciada en Socioloxía pola Universidade da Coruña e mestrado en Políticas Públicas pola Universitat Autònoma de Barcelona e a Johns Hopkins University. Na actualidade é Profesora Contratada Interina de Substitución na Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña e membro do grupo de investigación ESOMI, atopándose na fase final de redacción da súa tese de doutoramento que consiste nunha comparativa das políticas de integración de inmigrantes a nivel autónomico en España. Conta con numerosas publicacións no terreo das políticas migratorias e de integración, e ten participado en numerosos proxectos de investigación, sendo mesmo investigadora principal dun estudo comparado sobre as políticas migratorias en España e Portugal financiado pola Fundación Alternativas. A súa participación como membro do equipo investigador resulta fundamental para analizar o papel das asociacións de inmigrantes como axentes no proceso e nas políticas de integración, pero tamén no desenvolvemento dos países de orixe.

Francisco Javier Sánchez Lombardero é membro do equipo de investigación. Licenciado en Socioloxía e mestrado en migracións internacionais pola Universidade da Coruña, actualmente está a realizar estudos de doutoramento no programa "Equidade e Innovación en Educación" da Facultade de Cc. da Educación da Universidade da Coruña. Conta ademais cunha titulación de posgrao en Axente de Desenvolvemento Internacional pola Universitat Politècnica de Catalunya e o SETEM. Conta cunha nutrida experiencia profesional no terreo da cooperación internacional e ao desenvolvemento, destacando o seu labor como Delegado da Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) en Guinea Bissau, Honduras e Nicaragua entre os anos 2006 e 2011, así como o seu traballo actual como avaliador en temas de gobernabilidade e desenvolvemento local da consultora SIWA S.L. En suma, tanto a súa dilatada experiencia e traxectoria profesional, como a súa andadura doutoral no terreo da cooperación e da educación, fan de Francisco Javier Sánchez Lombardero unha excelente incorporación ao equipo de investigación.

SECCIÓN B – DESCRICIÓN DO PROXECTO

B.1. RESUMO DO PROXECTO.

O proxecto “Asociacionismo migrante en Galicia. Lazos transnacionais e codesenvolvemento desde unha perspectiva de xénero” aborda a participación política da comunidade migrante residente en Galicia desde a perspectiva teórica do transnacionalismo, que se centra en analizar os vínculos que se establecen entre os países de orixe e de destino das persoas migrantes e, concretamente, estudaremos os **procesos de codesenvolvemento que teñen lugar a raíz das estratexias transnacionais das asociacións de migrantes**.

Asemade, realizaremos unha **análise de participación política das mulleres migrantes** en Galicia, enfocando o noso estudo no papel que as mulleres xogan nas asociacións migrantes que promoven proxectos de desenvolvemento, con vistas a desentrañar as características que converten ás mulleres migrantes en axentes de desenvolvemento. A estes efectos, realizaremos un estudo de caso comparado das entidades asociativas de mulleres peruanas nos municipios de A Coruña e Burela e de mulleres caboverdianas en Burela.

Estímase necesario a elaboración dunha investigación en materia de **movementos migratorios e codesenvolvemento** que permita asentir e consolidar as bases para a elaboración de políticas migratorias que inclúan unha estratexia en materia de codesenvolvemento a nivel autonómico, xa que o fenómeno migratorio é un dos asuntos máis presentes en axendas políticas, perspectivas económicas e debates sociais a nivel internacional. Historicamente as políticas de cooperación ao desenvolvemento formuláronse ao marxe das políticas migratorias, xeralmente estas, usáronse coma instrumentos de crecemento das sociedades de acollida, esquecendo os procesos de deterioro e estancamento nos países menos desenvolvidos, sen analizar nin o papel das migracións nin a loita contra a pobreza.

Dende o marco internacional en materia de Cooperación para o Desenvolvemento as últimas tendencias sinalan que **un dos retos máis significativos na loita contra a pobreza na actualidade, é ligar os movementos migratorios á cooperación como unha das estratexias fundamentais para súa erradicación**.

Mediante o concepto de codesenvolvemento preténdese vincular migracións e cooperación ao desenvolvemento favorecendo o beneficio humano das sociedades de orixe e a de acollida potenciando o rol da persoa migrante como factor de desenvolvemento.

A pesar da importancia da figura da persoa migrante para o desenvolvemento das poboacións, no marco da Cooperación Galega carece de peso específico como axente motor do crecemento dos países nas súas políticas e plans directores, ven é certo que historicamente faise referencia aos termos de inmigración e codesenvolvemento pero dun modo transversal. No caso do codesenvolvemento, por tratarse dun concepto relativamente novo requírese dun gran esforzo divulgativo e formativo por parte das institucións públicas así como dos axentes sociais.

Tras analizar a presenza destes conceptos nos diferentes Plans Directores da Cooperación Galega, podemos concluír que nas 3 edicións faise referencia ós termos de persoa migrante, interculturalidade e codesenvolvemento, máis compe sinalar que dun modo transversal.

Na **sociedade galega** existe na actualidade unha falta de coñecemento por parte das

ongd , asociacións de inmigrantes e outros axentes sociais da importancia da vinculación entre movementos migratorios e desenvolvemento polo que sería importante incidir en accións de formación e sensibilización nesta materia que fomenten a implementación práctica do concepto de codesenvolvemento.

A perspectiva de xénero ten importantes aportacións que facer ao codesenvolvemento. Nas migracións, como no desenvolvemento, as mulleres foron invisibles. Sen embargo o aumento incuestionable das mulleres inmigrantes na últimas décadas esixiron un amplo e crecente estudo do seu papel nos movementos internacionais, sobre todo tendo en conta a importancia das redes sociais e das estratexias familiares. Neste contexto, as migracións de hoxe caracterízanse pola aceleración de fluxos, pola diversificación e pola súa feminización. Así a mesma experiencia da inmigración ten connotacións de xénero. Tanto para inmigrantes como para receptoras de remesas, o xénero marca a súa experiencia; a muller emigrante enfróntase a presións e circunstancias, en orixe e destino, distintas ás do home e que varían ademais en función dos factores como o estado civil, a relixión, a idade, a nacionalidade, etc.

Un codesenvolvemento sensible ao xénero debe ter en conta as particularidades das migracións femininas en toda a súa variedade, no caso de querer aproveitar as importantes contribucións que as mulleres poden ter nel e se a pretensión é promover un modelo de desenvolvemento holístico que loite polos dereitos humanos e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

B.2. CONTEXTO E ANTECEDENTES DO PROXECTO: COÑECEMENTO DO ESTADO DA ARTE DO TEMA A ABORDAR.

O **asociacionismo migrante** é un tema de enorme relevancia e tradición nos estudos migratorios. Dado que a condición migratoria, isto é, a non cidadanía, restrinxe as posibilidades de participación política das persoas migrantes, as asociacións constitúen as organizacións primarias de canalización da actividade sociopolítica da comunidade migrante. As asociacións de migrantes son, pois, a quintaesencia das institucións transnacionais que permiten abordar un novo concepto de membresía social (Fitzgerald 2009: 145).

Neste senso, existe unha corrente ben definida de investigación en torno ás **asociacións migrantes como mecanismo para a integración** dos inmigrantes nos países de destino (a este respecto, ver a excelente revisión teórico-histórica de Moya 2005). Desde a disciplina da ciencia política tense estudado amplamente a cuestión de se as asociacións de migrantes facilitan ou dificultan a integración da poboación migrante no país receptor (entre outros: Amelina e Faist 2008; Caselli 2010). Outra das temáticas de investigación máis desenvolvidas é aquela que estuda o papel das asociacións migrantes na arquitectura institucional das políticas de integración dos países receptores, que comeza coas contribucións sobre os traballadores convidados da posguerra (Schmitter 1980; Schoeneberg 1985) e chega ata as migracións contemporáneas (Hamidi 2003; Veredas 2003; Mantovan 2013).

Non obstante, unha liña máis recente de investigación analiza o **papel das asociacións de migrantes desde a perspectiva dos países emisores**. Autores como Bakewell (2006) analizan o interese dos gobernos en orixe en fomentar as contribucións da súa comunidade residente no estranxeiro e Cortés (2011) considera que no caso ecuatoriano, moi implicado coa súa comunidade migrante, podería falarse da existencia dunha "gobernanza trasnacional".

Con contribucións máis diversas en canto á súa procedencia disciplinar, existe un campo de estudos en torno ás **cuestións identitarias e o asociacionismo** migrante. Baixo o prisma

dos diferentes modelos de integración, o debate central artículase en torno a se as asociacións de migrantes reforzan ou debilitan os sentimentos identitarios e de comunidade. Fronte a perspectivas máis dramáticas como a que defende o choque cultural debido ao reforzamento identitario (Hungtinton 1996), outros autores defenden que as asociacións de migrantes contribúen a crear unha “identidade transnacional” (Nyberg 1998; Dietz 2004; Koser 2009; Riccio 2011 –entre outros-).

Outra liña de investigación parte do **vínculo existente entre migración e desenvolvemento**. Aínda que a disciplina histórica ten achegado abondosas referencias do papel das comunidades migrantes no desenvolvemento das sociedades de orixe (a este respecto, mencionaremos, por exemplo, a consolidada tradición investigadora sobre o papel da emigración galega na modernización socioeconómica de Galicia), non é ata que as perspectivas teóricas que desbordan o marco estruturalista de análise das migracións internacionais se impoñen que se comeza a falar das persoas migrantes como axentes de desenvolvemento, abandonándose o previo marco explicativo da “filantropía”. Neste senso, a emerxencia da perspectiva transnacional, que resalta a continuidade dos vínculos entre as comunidades de orixe e destino dos migrantes a través de prácticas e estratexias que rachan coas fronteiras dos Estados nación, foi a que máis favoreceu a consideración dos migrantes e das súas asociacións como axentes de desenvolvemento (a este respecto, ver Vertovec 2004; Orozco e Rouse 2012).

A evidencia empírica a favor da axencia das asociacións no codesenvolvemento está ben documentada (Orozco, 2003; Portes et al. 2007; Schüttler 2008; Beauchemin e Schoumaker 2009). Os resultados das investigacións coinciden en sinalar que o efecto no desenvolvemento da axencia colectiva dos migrantes non se limita só ao efecto das remesas económicas, senón que existen outro tipo de transferencias intanxibles que se plasman en habilidades e capacidades, así como esquemas de valores, que tamén son transmitidos coa experiencia migratoria. Este tipo de remesas intanxibles recibiron o nome de “remesas sociais” (Levitt 1998).

Non obstante, as correntes investigadoras emerxentes neste terreo apostan por unha **perspectiva integral na abordaxe da acción transnacional dos migrantes**, isto é, que teña en conta o seu papel no codesenvolvemento, pero que analice este papel no marco das políticas migratorias e de desenvolvemento que se poñen en marcha nos países de orixe e destino. Nesta liña, inaugurada por Faist (2007), cun extraordinario artigo sobre a arquitectura política dos vínculos entre a migración e o desenvolvemento, destaca, para o caso español, a contribución de Østergaard-Nielsen (2011).

No que respecta á **participación das mulleres nas asociacións migrantes**, as investigacións abordan varias temáticas: as diferenzas na participación política entre homes e mulleres migrantes (ver Jones-Correa 1998, entre outros), a construción xenerizada da actividade transnacional (Itzigsohn e Giorguli-Saucedo 2005), ou a relación das asociacións de mulleres migrantes co activismo feminista dos países de destino (Pojmann 2006).

Existen multitude de traballos sobre **asociacionismo migrante en España** (Veredas 2007; Aparicio y Tornos 2010; Sanmartín 2011 –entre outros-). **No caso da comunidade galega**, malia non ser unha das principais autonomías receptoras de inmigración, existen antecedentes académicos sobre a cuestión do asociacionismo migrante. A principal contribución é a investigación de Iria Vázquez (2007), quen traballou coa base de datos de Galicia Aberta para mostrar a tipoloxía e o perfil das asociacións de migrantes en Galicia, tamén tendo en consideración as formas e dificultades da participación das mulleres migrantes. Cun traballo de campo centrado no asociacionismo migrante galego, Aliaga (2012) analiza a consideración que as asociacións de inmigrantes merecen nas investigacións sociais e respecto do proceso de integración. Centrada tamén en Galicia, pero estudando as asociacións de emigrantes retornados, destaca a contribución de

Álvarez (1997).

Referencias

- Aliaga Sáez, Felipe Andrés (2012), La construcción del imaginario social en torno a la integración del inmigrante desde el ámbito asociativo. *Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas (RIPS)* 12 (2): 159-172.
- Álvarez Silvar, Gabriel (1997), Las organizaciones de retornados en Galicia. *Migraciones* 2: 213-236.
- Amelina, Anna e Faist, Thomas (2008), Turkish Migrant Associations in Germany: Between Integration Pressure and Transnational Linkages. *Revue Européenne des Migrations Internationales* 24 (2): 91-120.
- Aparicio Gómez, Rosa e Tornos Cubillo, Andrés (2010), *Las asociaciones de inmigrantes en España. Una visión de conjunto*. Madrid: Observatorio Permanente de la Inmigración.
- Bakewell, Oliver (2006), Perspectives from governments of countries of origin and migrant associations. *Migración y desarrollo* 7: 204-220.
- Beauchemin, Chris e Schoumaker, Bruno (2009), Are Migrant Associations Actors in Local Development? A National Event-History Analysis in Rural Burkina Faso. *World Development* 37 (12): 1897-1913.
- Caselli, Marco (2010), Integration, Participation, Identity: Immigrant Associations in the Province of Milan. *International Migration* 48 (2): 58-78.
- Cortés Maisonave, Almudena (2011), The Transnational Governance of Ecuadorian Migration through Co-development. *International Migration* 49(3): 30-51.
- Dietz, Gunther (2004), Frontier hybridisation or culture clash? Transnational migrant communities and sub-national identity politics in Andalusia, Spain. *Journal of Ethnic and Migration Studies* 30 (6): 1087-1112.
- Faist, Thomas (2007), Migrants as transnational development agents: an inquiry into the newest round of the migration-development nexus. *Population, Space and Place* 14 (1): 21-42.
- Fitzgerald, David (2009), Colonies of the Little Motherland: Membership, Space, and Time in Mexican Migrant Hometown Associations. *Comparative Studies in Society and History* 50 (1): 145-169.
- Hamidi, Camille (2003), Voluntary Associations of Migrants and Politics: The Case of North African Immigrants in France. *Immigrants & Minorities* 22 (2-3): 317-332.
- Huntington, Samuel (1996), *The Clash of Civilizations and the Remaking of World Order*. Nova Iorque: Simon & Schuster.
- Itzigsohn, José e Giorguli-Saucedo, Silvia (2005), Incorporation, Transnationalism, and Gender: Immigrant Incorporation and Transnational Participation as Gendered Processes. *International Migration Review* 39 (4): 895-920.
- Jones-Correa, Michael (1998), Different Paths: Gender, Immigration and Political Participation. *International Migration Review* 32 (2): 326-349.
- Koser Akcapar, Sebnem (2009), Turkish Associations in the United States: Towards Building a Transnational Identity. *Turkish Studies* 10(2): 165-193.
- Levitt, Peggy (1998), Social Remittances: Migration-Driven Local-level Forms of Cultural Diffusion. *International Migration Review* 32 (4): 926-948.
- Mantovan, Claudia (2013), Cohesion without participation: immigration and migrants' associations in Italy. *Patterns of Prejudice* 47 (3): 253-268.
- Moya, José C. (2005), Immigrant and Associations: A Global and Historical Perspective. *Journal of Ethnic and Migration Studies* 31 (5): 833-864.
- Nyberg Sørensen, Nina (1998), Narrating Identity Across Dominican Worlds, pp. 241-269 en Michael Peter

Smith e Luis Eduardo Guarnizo (eds.), *Transnationalism from below*. New Brunswick: Transaction.

- Orozco, Manuel (2003), *Hometown Associations and Their Present and Future Partnerships: New Development Opportunities?* Washington: U.S. Agency for International Development.
- Orozco, Manuel e Rouse, Rebecca (2012), Migrant Hometown Associations and Opportunities for Development, pp. 280-285 en James DeFilippis e Susan Saegert (eds.), *The Community Development Reader*. Londres: Routledge.
- Østergaard-Nielsen, Eva (2011), Codevelopment and citizenship: the nexus between policies on local migrant incorporation and migrant transnational practices in Spain. *Ethnic and Racial Studies* 34 (1): 20-39.
- Pojmann, Wendy (2006), *Immigrant women and feminism in Italy*. Aldershot: Ashgate.
- Portes, Alejandro; Escobar, Cristina e Walton Radford, Alexandria (2007), Immigrant Transnational Organizations and Development: A Comparative Study. *International Migration Review* 41 (1): 242: 281.
- Riccio, Bruno (2011), Rehearsing Transnational Citizenship: Senegalese Associations, Co-development and Simultaneous Inclusion. *African Diaspora* 4 (1): 97-113.
- Sanmartín Ortí, Anna (2011), Las asociaciones de migrantes en las actuaciones de codesarrollo. Un estudo desde la ciudad de Madrid. *Migraciones* 30: 71-99.
- Schmitter, Barbara E. (1980), Immigrants and Associations: Their Role in the Socio-Political Process of Immigrant Worker Integration in West Germany and Switzerland. *International Migration Review* 14 (2): 179-192.
- Schoeneberg, Ulrike (1985), Participation in Ethnic Associations: The Case of Immigrants in West Germany. *International Migration Review* 19 (3): 416-437.
- Schüttler, Kirsten (2008), *The Contribution of Migrant Organisations to Income-Generating Activities in Their Countries of Origin*. Xenebra: Organización Internacional do Traballo.
- Vázquez Silva, Iria (2007), O incipiente mapa asociativo en Galicia. En "La Sociología y los nuevos retos. IV. Congreso Astur-Galaico de Sociología". A Coruña: Servizo de Publicacións da UDC.
- Veredas Muñoz, Sonia (2003), Las asociaciones de inmigrantes en España. Práctica clientelar y cooptación política. *Revista Internacional de Sociología* 61 (36): 207-225.
- Veredas Muñoz, Sonia (2007), Factores condicionantes de la movilización étnica entre la población inmigrante extracomunitaria. *Papers* 72: 87-111.
- Vertovec, Steven (2004), Migrant Transnationalism and Modes of Incorporation. *International Migration Review* 38 (3): 970-1001.

B.3. OBOECTIVOS DO PROXECTO. RELEVANCIA E NOVIDADE DOS MESMOS.

A continuación expóñense os obxectivos principais e secundarios do proxecto de investigación:

1. Estudar e describir o **panorama asociativo migrante** en Galicia
 - 1.1 Realizar unha comparativa da evolución do asociacionismo migrante partindo da investigación "Asociacionismo e integración social das inmigrantes en Galicia", dirixido por Iria Vázquez Silva no período 2005-06.
 - 1.2 Analizar o comportamento asociativo da poboación migrante para identificar os perfís máis e menos proclives ao asociacionismo.

- 1.3 Estudar o perfil e composición das asociacións de migrantes en Galicia.
2. Analizar o **papel das asociacións de migrantes como axentes de co-desenvolvemento**
 - 2.1. Estudar o papel das asociacións de migrantes nas políticas migratorias e de integración en Galicia.
 - 2.2. Analizar as estratexias e prácticas asociativas vinculadas ao codesenvolvemento.
3. Estudar as **formas de participación política das mulleres migrantes** en Galicia
 - 3.1. Analizar os procesos de incorporación e liderado asociativo por parte das mulleres migrantes.
 - 3.2. Identificar os factores que promoven a participación asociativa das mulleres migrantes.
 - 3.3. Estudar as prácticas e experiencias das mulleres en relación a programas de codesenvolvemento emprendidos por asociacións de migrantes.
 - 3.4. Realizar un estudo comparado das asociacións de mulleres peruanas nos municipios de A Coruña e de Burela e de mulleres caboverdianas en Burela.

B.4. ADECUACIÓN DO PROXECTO ÁS LIÑAS DE INVESTIGACIÓN DO EQUIPO INVESTIGADOR.

Tal e como se expuxo no apartado relativo á experiencia, traxectoria e capacidade científico-técnica do equipo investigador, os membros do equipo teñen unha traxectoria investigadora no ámbito dos estudos migratorios e teñen iniciado liñas de investigación no papel das persoas migrantes como axentes de transformación social e política, tanto das sociedades de acollida como das de orixe.

Tanto **Antía Pérez Caramés** como **Belén Fernández Suárez** teñen experiencia investigadora no terreo das políticas migratorias e de integración, tendo publicado e contribuído a congresos que desenvolvían especificamente os vínculos entre migración e desenvolvemento, polo que existe unha plena adecuación das súas liñas de investigación á temática e obxectivos do proxecto de investigación que se presenta a esta convocatoria.

Por outra banda, **Iria Vázquez Silva** dirixiu a primeira investigación que se ten feito en Galicia sobre asociacionismo migrante. As súas liñas de investigación actuais seguen a centrarse nas formas de participación social e política, especialmente das mulleres migrantes, así como na actividade transnacional das poboacións migrantes.

Por último, o estudante de doutoramento **Francisco Javier Sánchez Lombardero** ten unha traxectoria académica que está iniciándose coa formulación da súa tese de doutoramento en torno a cuestión de migracións, educación e desenvolvemento. A concesión deste proxecto de investigación pode axudar á súa carreira investigadora e permitirlle avanzar na súa tese de doutoramento. Non obstante, ten unha dilatada experiencia profesional no terreo da cooperación ao desenvolvemento, que resultarán unha competencia técnica fundamental para a realización da investigación.

En suma, o proxecto proposto, tanto a nivel temático, como no que respecta aos obxectivos de investigación que se teñen definido, encaixan moi adecuadamente coas liñas de investigación actuais dos membros do equipo investigador.

B.5. ADECUACIÓN DO PROXECTO AOS CRITERIOS SECTORIAIS E XEOGRÁFICOS DA COOPERACIÓN GALEGA³.

De acordo co III Plan Director da Cooperación Galega para o período 2014-2017, as prioridades sectoriais ás que responde cos seus obxectivos este proxecto de investigación son as seguintes:

- Participación social, empoderamento e dereitos das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz.
- Investimento no ser humano.
- Consolidación e fortalecemento de axentes.

En relación ao mesmo documento, o proxecto que presentamos responde aos criterios xeográficos da cooperación galega, xa que os dous países seleccionados para a realización do estudo de caso comparado son Perú e Cabo Verde, tal e como reflicte dito Plan: f) **Incentivar o desenvolvemento de iniciativas de codesenvolvemento**, aproveitando as oportunidades que ofrece traballar con países dos que proveñen un número significativo de persoas inmigrantes que viven en Galicia, [coma o caso de Bolivia, Ecuador, Perú ou República Dominicana]. Neste eido do codesenvolvemento apoiarase o traballo con Cabo Verde polo seu protagonismo dentro da inmigración en Galicia. Neste eido do codesenvolvemento apoiarase o traballo con Cabo Verde polo seu protagonismo dentro da inmigración en Galicia.

Sinalar por último que no “**III Plan Director 2014-2017**” sinálase a “defensa da **interculturalidade** como unha prioridade transversal e sectorial dentro do sector de investimento no ser humano xa que a diversidade cultural amplía a gama de posibilidades e nutre as capacidades e valores humanos polo que constitúe un elemento relevante do desenvolvemento humano sostible. Ademais, o respecto da diversidade cultural e o fomento do diálogo intercultural contribúen á realización dos dereitos humanos, garanten a liberdade cultural, atenden á realidade das migracións internacionais e limitan o alcance dos problemas asociados ao racismo ou á xenofobia e mingúan as posibilidades de exclusión, discriminación, marxinação ou persecución das persoas en función da súa identidade cultural”. [...] “Por último, apoiarase o empoderamento dos pobos indíxenas ou dos afrodescendentes, fomentando a súa participación nos procesos de desenvolvemento; e incentivaranse as iniciativas de **codesenvolvemento** que faciliten a cohesión social e o diálogo e a convivencia intercultural así como os proxectos de educación para o desenvolvemento que combatan o racismo, a xenofobia e os prexuizos culturais”.

Faise referencia a importancia da diversidade intercultural como unha prioridade transversal dentro do sector de investimento no ser humano cando en realidade debería de ser un eixe específico co que traballar en orixe e destino. Por outra banda, compre destacar que o orzamento do sector de investimento no ser humano supón o 4-5% do total, feito que repercute directamente na escasa dotación económica investido nas migracións e o desenvolvemento. Por esta razón, considerase necesario unha maior aposta por parte da Administración Pública, en prol de desenvolver esta área, tanto a nivel orzamentario coma facilitando os canais axeitados para integrar o concepto de codesenvolvemento nas axendas e proxectos da cooperación internacional.

³ http://www.cooperaciongalega.org/documentos_ver.php?idSeccion=115&idelemento=100&idTipo=8

B.6. IMPACTOS ESPERADOS EN TERMOS DE DESENVOLVEMENTO HUMANO E LOITA CONTRA A POBREZA.

O proxecto de investigación que concorre a esta convocatoria realizará unha serie de achegas relevantes en termos de desenvolvemento humano e loita contra a pobreza. De modo xeral, podemos identificar os seguintes impactos:

- **Aumentar e visibilizar o coñecemento sobre a participación socio-política da poboación migrante** residente en Galicia, fomentando a súa consideración como persoas que participan da vida social e política tanto da sociedade de acollida como da de orixe.
- **Fortalecer o papel das persoas migrantes** (e das súas asociacións) **como axentes de desenvolvemento**, identificando aqueles factores socio-estruturais que favorecen a actividade transnacional das persoas migrantes que contribúe ao desenvolvemento en orixe.
- **Identificar as eivas para a participación e liderado das mulleres migrantes** nas asociacións, coa finalidade de promover medidas que permitan unha maior incorporación de mulleres á vida asociativa.
- **Analizar os proxectos de codesenvolvemento emprendidos polas asociacións de migrantes**, con vistas a singularizar aqueles modelos exitosos que podan ser replicados noutros contextos.
- Contribuír cun dos retos máis significativos na loita contra a pobreza na actualidade, de **tentar ligar os movementos migratorios á cooperación** como unha das estratexias fundamentais para a súa erradicación.

B.7. METODOLOXÍA E VIABILIDADE DO PROXECTO.

A metodoloxía para a elaboración deste proxecto de investigación combina a análise de datos empíricos con técnicas de carácter cualitativo como as entrevistas semi-estruturadas, as entrevistas a expertos, os grupos de discusión e o estudo de caso.

No que respecta á **análise de datos empíricos**, realizarase unha explotación da base de datos procedente da investigación "Asociacionismo e integración social das inmigrantes en Galicia". Asemade, levarase a cabo unha análise da ampla e consolidada da base de datos de Ecos do **Sur con máis de 10.000 persoas inmigrantes rexistradas durante o período 2004-2013, e na que se recollen máis de 80 ítems da situación e traxectoria desas persoas en Galicia**, así coma do Diagnóstico de Situación elaborado por Ecos do Sur ao Inicio do seu proxecto ENTRE NOS de fortalecemento de Asociacións de inmigrantes de Galicia, no que participaron un total de 22 entidades.

Esta análise inicial permitirá ter un panorama actualizado do perfil e tipoloxía das asociacións de migrantes en Galicia, que permitirá establecer o número e características a abordar no deseño do casilleiro tipolóxico das entrevistas semi-estruturadas, pero tamén dos grupos de discusión.

A técnica das **entrevistas semi-estruturadas** será empregada para inmigrantes participando en distintos perfís asociativos, tendo en conta unha distribución que permita a análise das diferenzas por xénero.

Os **grupos de discusión** realizaranse a membros de distintas asociacións de migrantes co obxecto de indagar no discurso e problemáticas comúns.

As **entrevistas a expertos** realizaranse a persoal de servizos sociais de municipios con forte presenza inmigrante, así como a entidades do terceiro sector que traballen con

poboación migrante.

Por último, levarase a cabo un **estudo de caso comparado** entre as asociacións de mulleres migrantes peruanas na Coruña e migrantes caboverdianas e peruanas en Burela. A solvencia investigadora dos membros que compoñen o equipo investigador en materia de migracións internacionais e con experiencia investigadora no terreo do asociacionismo migrante é un dos principais garantes da viabilidade do proxecto. O outro aval da viabilidade do proxecto é a colaboración coa ONGd Ecos do Sur, que ten unha enorme experiencia no traballo cotián coa poboación migrante residente en Galicia e que conta cun proxecto que busca o fortalecemento do tecido asociativo da poboación inmigrante. Isto permítenos traballar con dúas bases de datos xa constituídas (unha derivada dun proxecto de investigación anterior e a propia de Ecos do Sur), ademais de ter máis facilidade para a contactación, tanto cos inmigrantes a entrevistar, como con outro tipo de institucións e entidades sociais para as entrevistas a expertos, tales como axentes de servicios sociais municipais, representantes da Xunta da área de Inmigración e da Cooperación ao desenvolvemento, membros da Coordinadora Galega de Cooperación, Plataforma de Loita contra a Pobreza EAPN, e outras plataformas e movementos sociais (SOS Racismo, Foro galego de Inmigración, A Feira ...).

Ecos do sur - Mestura vimos desenvolvendo estratexias comúns en Migracións, Desenvolvemento e Xénero, e en concreto, co proxecto ENTRE-NOS (fase I e II), financiado pola DXRREEeEU, que promove a implicación do colectivo inmigrante de Galicia a través de accións de fortalecemento do tecido asociativo de inmigrantes, de capacitación, e de procesos de identificación de iniciativas produtivas e/ou de economía social, que potencien o desenvolvemento de posibles proxectos de codesenvolvemento futuros, pero con especial atención ao papel da muller migrante como axente de desenvolvemento.

Así no Entre-Nós (Fase I e II), de fortalecemento do tecido asociativo inmigrante en proxectos de desenvolvemento en orixe e destino , estanse a desenvolver unha metodoloxía de traballo nos GTP (Grupos de traballo provincial) estruturado en procesos participativos que están potenciando o papel activo das persoas inmigrantes. Concretamente, no GTP Coruña e GTP Burela, estase a traballar a través das sesións denominadas *Mini Comunidades*, realizando *una* achegamento máis específico e dirixido as demandas de cada nacionalidade e por tanto adaptadas ás pautas socioculturais e de xénero específicas de cada unha delas. Entre estas Mini Comunidades é necesario salientar as seguintes nacionalidades: senegalesa, peruana, e caboverdiana, como unhas das comunidades máis activas e proactivas no posta en marcha de iniciativas de desenvolvemento comunitario e lideradas polas mulleres membros.

Ecos do Sur contactará e facilitará/establecerá grupos de discusión entre as asociacións de inmigrantes participantes do Proxecto de fortalecemento ENTRE-NOS, así como entre as 10.000 persoas usuarias inscritas na base de datos de Ecos do Sur das cales se extraeran unha mostra representativa de mulleres inmigrantes de interese, con especial atención a mulleres Peruanas e Cabo Verdianas. Así mesmo, Ecos do Sur, facilitará os procesos de análise coas asociacións BATUKO TABANKA de Cabo Verdianas de Burela e asociación peruana ASPEBU, caracterizadas por liderazgo feminino no que os homes teñen unha mínima participación por estar case sempre embarcados en labores de pesca de alta mar.

B.8. PLAN DE TRABAJO PREVISTO.

De acordo co cronograma que se recolle na seguinte páxina, o plan de traballo consta de oito fases para o desenvolvemento da investigación:

1. Entre mediados de setembro e mediados de novembro realizarase a **revisión bibliográfica** que permitirá ter o marco teórico máis actualizado e completo para desenvolver os seguintes pasos da investigación, traballando a partir do estado da arte que se achega neste formulario.
2. A **análise dos datos empíricos**, tanto da base de datos da investigación previa sobre asociacionismo migrante en Galicia, como da de Ecos do Sur, realizarase nos meses de novembro e decembro.
3. Entre outubro e novembro deseñarase a **estratexia cualitativa de investigación**, mediante a elaboración do casilleiro tipolóxico das persoas a entrevistar dentro das asociacións e a expertos, dos guións para as entrevistas e grupos de discusión, así como o deseño metodolóxico dos estudos de caso.
4. O **traballo de campo**, a tarefa que máis tempo consume nunha investigación destas características, será realizado entre outubro 2014 e marzo 2015.
5. A continuación, realizarase a **transcrición** íntegra das entrevistas e grupos de discusión entre marzo e xuño de 2015.
6. A **análise dos resultados** ocupará os meses de xuño e xullo de 2015.
7. A **redacción do informe final**, así como a escritura das publicacións previstas de acordo co plan de difusión do proxecto de investigación, ocupará tres meses entre agosto e outubro de 2015.
8. Por último, está previsto no plan de difusión a **realización dunha xornada de presentación dos resultados** no mes de novembro de 2015.

B.9. CRONOGRAMA.

NOMBRE DEL PROYECTO: Asociacionismo migrante en Galicia. Lazos transnacionais e codesenvolvemento desde unha perspectiva de xénero																															
	2014												2015																		
Descrición da actividade	X A N E I R O	F E B R E I R O	M A R Z O	A B R I L	M A I O	X U Ñ O	X U L L O	A G O S T O	S E T E M B R O	O U T U B R O	N O V E M B R O	D E C E M B R O	X A N E I R O	F E B R E I R O	M A R Z O	A B R I L	M A I O	X U Ñ O	X U L L O	A G O S T O	S E T E M B R O	O U T U B R O	N O V E M B R O								
1.-Revisión bibliográfica	O proxecto comeza en setembro 2014																														
2.-Análise dos datos empíricos																															
3.-Deseño da estratexia cualitativa																															
4.-Realización do traballo de campo																															
5.-Transcricións																															
6.-Análise dos resultados																															
7.-Redacción do informe final e das publicacións previstas																															
8.-Celebración dunha xornada divulgativa																															

B.10. APLICABILIDADE PRÁCTICA DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN.

O proxecto aportará **coñecemento sobre as prácticas asociativas da poboación inmigrante en Galicia**, o que, no ámbito investigador, permitirá crear unha base de datos actualizada que poderá ser utilizada en investigacións futuras e, a nivel técnico-práctico, achegará coñecemento sobre a situación e actividade das asociacións de inmigrantes que resulta de relevancia para calquera tipo de actuación co colectivo migrante con vistas a capacitar e fortalecer o seu rol como axentes de desenvolvemento.

Por outra banda, a análise das circunstancias que levan a unhas e outras persoas a participar ou non da vida asociativa migrante, así como a **identificación das principais limitacións para a participación e o liderado feminino** nas asociacións, son fundamentais para o traballo que entidades como Ecos do Sur levan a cabo na facilitación e capacitación das habilidades xestoras e organizativas dos inmigrantes en Galicia e, especialmente, das mulleres.

O coñecemento que se xere no proxecto de investigación permitirá, asemade, **facilitar a tarefa de deseño de políticas autonómicas e locais** no que respecta á integración dos inmigrantes, pero tamén no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.

Por último, outro aspecto da aplicabilidade práctica dos resultados da investigación reside na **identificación de áreas e asociacións clave para a posta en marcha, desde Ecos do Sur, dun proxecto de codesenvolvemento** por parte dalgunha das entidades consideradas para os estudos de caso comparados.

B.11. REPLICABILIDADE E SOSTENIBILIDADE DOS RESULTADOS DA INVESTIGACIÓN.

O proxecto de investigación como tal, mais especialmente no que respecta ao seu deseño metodolóxico, pode ser replicable noutra Comunidade Autónoma que desexe inquirir acerca do asociacionismo migrante. O panorama que se obteña da situación do tecido asociativo migrante poderá ser actualizado en futuras investigacións co obxecto de coñecer os elementos que inciden nas pautas de transformación do asociacionismo migrante. O estudo de caso comparado entre as asociacións de mulleres peruanas e caboverdianas en Burela e peruanas na Coruña está aberto a estudos posteriores de deseño semellante que permitan tanto enriquecer a comparativa, como validar ou refutar os resultados que deste estudo se obteñan.

Na sociedade galega existe na actualidade un baixo coñecemento por parte das ongd, asociacións de inmigrantes e outros axentes sociais da importancia da vinculación entre movementos migratorios e desenvolvemento, polo que sería importante incidir en accións de investigación, aprendizaxe e sensibilización nesta materia que fomenten a implementación práctica do concepto de codesenvolvemento. Así, esta investigación aplicada que nace dunha proposta conxunta entre Universidade e ONGd, creará valor para o conxunto do sistema galego de cooperación ao pretender poder transferir os resultados ao resto dos actores e axentes de cooperación e así aporta coa mellora da calidade e eficacia da cooperación galega en termos de Migracións e Cooperación ao Desenvolvemento.

B.12. PLAN DE DIFUSIÓN E DE EXPLOTACIÓN DOS RESULTADOS DO PROXECTO.

O plan de difusión e explotación dos resultados do proxecto está centrado en torno a tres eixos:

- A difusión no ámbito académico-científico.
- A divulgación entre o público xeral (non especializado) e o terceiro sector.

No que respecta á **difusión no ámbito académico-científico**, contéplase, ademais da realización do informe final da investigación, a publicación de dous artigos en revistas de recoñecido impacto.

En canto á **divulgación entre o público xeral e o terceiro sector**, está prevista a realización dunha xornada sobre asociacionismo migrante no mes de novembro de 2015. Dita xornada permitirá presentar os resultados da investigación, pero tamén compartir ferramentas que permitan mellorar o tecido asociativo migrante e o papel destas asociacións no desenvolvemento das sociedades de orixe.

Finalmente, tamén se prevé unha estratexia de difusión do proxecto a través de diversos medios: en primeiro lugar a través das páxinas Web de Ecos do Sur e do ESOMI (www.ecosdosur.org, www.esomi.es), do blog da organización de Ecos do Sur (ecosdosur.blogspot.com), e na nova versión da páxina web de Entre Nós II. Ademais farase alusión ás iniciativas relacionadas co proxecto nas diferentes redes sociais das entidades (Facebook e Twitter de Ecos do Sur); así como a facilitación da publicación na biblioteca da web da Coordinadora Galega de ONGd.

SECCIÓN C - ASPECTOS ADMINISTRATIVOS E FINANCEIROS

C.1. FINANCIAMENTO DO PROXECTO.

(A cubrir na folia de cálculo)

C.2. CADRO DE FINANCIAMENTO.

(A cubrir na folia de cálculo)

C.3. ORZAMENTO DETALLADO.

(A cubrir na folia de cálculo)

SECCIÓN D - ANEXOS

D.1. RELACIÓN DE ANEXOS.

ANEXOS	NOME DO DOCUMENTO
Anexo I	
Anexo II	
Anexo III	
Anexo IV	
Anexo V	
Anexo VI	
Anexo VII	
Anexo ...	